

RGMV-CATALUNYA 2009

NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO

1. CONDICIÓNS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

- AGADIC dedicará á programación de música galega das salas de ASACC (Associació de Sales de Concerts de Catalunya) un importe máximo de 40.000 euros.
- AGADIC asignará á ASACC, para a xestión, coordinación e difusión da programación, unha cantidade equivalente ao 15% do importe de programación.
- Poderán participar na programación un mínimo de catro salas e un máximo de doce.

2. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN DAS SALAS

- Poderá participar na programación calquera sala de música en vivo integrante de ASACC.
- Cada sala participante deberá realizar un mínimo de dous bolos, se participa nun trimestre de programación, ou catro bolos se participa nos dous trimestres de programación. O máximo de bolos por sala será de oito.
- As salas participantes deberán facilitarlle aos grupos participantes as follas de recadación da billeteira no mesmo día da actuación e cubrir os datos de asistencia na páxina www.galescena.info/musicavivo na semana seguinte á mesma.

3. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS

- Poderá participar nesta programación calquera formación musical galega, previa inscrición na páxina web: www.galescena.info/musicavivo (dándose de alta no sistema a través do banner RGMV Catalunya) nos prazos indicados.

- Cada grupo especificará o seu caché máximo de contratación, que en ningún caso poderá superar os 1.250 euros por actuación.
- Na ficha técnica deberá describirse o rider técnico necesario así como as restantes condicións precisas para o correcto desenvolvemento da actuación.
- Para que un grupo poida entrar na programación deberá contratar un mínimo de 2 actuacións.

4. CONDICIÓNNS ECONÓMICAS E TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN

- O ICIC (mediante un convenio de colaboración coa AGADIC) aboará a cada formación musical o importe do caché correspondente a cada unha das actuacións.
- Os gastos de transporte e aloxamento non serán por conta da sala, salvo acordo contrario.
- Os restantes gastos, incluídos os relativos a dereitos de autor, serán por conta da sala.
- O importe da recadación será para a sala, salvo acordo en contrario entre a sala e o grupo participante.
- Cada formación poderá realizar unha única actuación en cada sala.
- As salas facilitarán o rider técnico descrito na ficha de cada grupo. Admitiranse acordos bilaterais que modifiquen o rider técnico, sempre e cando se formalicen por escrito.
- A alteración do calendario de actuacións estará suxeita a autorización previa por parte da AGADIC.

5. PROCESO DE PROGRAMACIÓN

- O período de programación será de febreiro a maio e de setembro a novembro de 2009.
- Dende o **3 ata o 15 de decembro** ás 14.00 horas, permanecerá o período de inscrición de grupos de música ou solistas, que deberá realizarse a través da páxina web: www.galescena.info/musicavivo. Na páxina os grupos deberán

cubrir a ficha técnica e artística, incorporar dúas imaxes válidas para as accións de promoción e facilitar a descarga de dous temas musicais.

- Os grupos indicarán cal é o seu caché máximo. A contratación poderá realizarse por este caché máximo ou por calquera inferior.
- Dende **o 17 de decembro e ata o 13 de xaneiro** ás 14.00 horas permanecerá a fase de programación para as salas a través da páxina web: www.galescena.info/musicavivo. Cada sala deberá relacionar os grupos que desexa programar, o caché acordado e a data proposta para o bolo. O caché e a data deberán acordarse previamente co grupo.
- Dende a AGADIC comprobarase o cumprimento dos mínimos de contratación por parte dos grupos. Aqueles que non cumpran os mínimos de contratación serán excluídos. Excepcionalmente poderá exceptuarse do cumprimento do límite mínimo a un máximo de tres grupos.
- Coas programacións definitivas, a AGADIC asinará os contratos con cada unha das salas participantes e enviará toda a programación ao ICIC (Institut Català de les Indústries Culturals) para que realicen os pagamentos a cada un dos grupos participantes na programación.
- As salas poderán, previo acordo cos grupos realizar, modificacións no calendario de actuación do segundo trimestre ata o 30 de xuño. A partir desta data a cancelación unilateral das actuacións dará lugar a unha indemnización equivalente ao caché previsto e será causa de rescisión do contrato.

6. COMUNICACIÓN

A publicidade e promoción das actuacións corresponderá a cada unha das salas participantes. En todo caso, a AGADIC facilitará os seguintes instrumentos promocionais:

- Un folleto co calendario de actuacións e información sobre cada un dos grupos participantes (en lingua catalá).
- Dúas presentacións públicas da programación, unha en febreiro e outra en setembro, con presenza dalgún dos artistas participantes e representación institucional. As presentacións realizaranse en Barcelona, nalgún dos locais participantes, e contemplarán algunha actuación dos grupos participantes.